




Área / Unidade EDUCACION ED0000 AJP	Documento 23612I00X6	
Código de verificación  5B2X 1U2L 3V67 4K4C 11L7	Expediente 236/2018/52	
	Data 05-06-2018	

Asunto

Acta de revisión das alegacións as listaxes provisionais de admisión do programa Idiomas do mundo 2018 e a proposta das listaxes definitivas

Acta da reunión da comisión de valoración do programa “Idiomas do mundo 2018” para a revisión das alegacións as listaxes provisionais de admisión do programa e a proposta das listaxes definitivas

Lugar: Sede do Servizo Municipal de Educación, avenida da Mariña, 18-2º andar

Data: 5 de xuño de 2018

Hora de comezo: 9:00 h. Hora de finalización: 10:00 h

Asistentes:

D. Belisario Sixto San José (xefe de servizo de Educación). Vogal

D^a Susana Vara Bilbao (xefa de departamento de Educación). Vogal

D^a. Ana M^a Judel Prieto (técnica de Educación). Secretaria

Ausente:

D^a. Silvia Cameán Calvete (concelleira de Xustiza Social e Coidados). Presidenta

ORDE DO DÍA

1. Revisión das alegacións presentadas as listaxes provisionais para participar no programa “IDIOMAS DO MUNDO”.

Unha vez baremados os documentos presentados polos 78 candidatos/as, segundo os criterios establecidos nas Bases do programa “Idiomas do mundo 2018”, para a selección de 71 bolsas para estancias formativas de catro semanas durante o verano de 2018 en varios países de Europa publicouse, o 16.05.2018, a listaxe provisional das persoas seleccionadas ás mencionadas bolsas (segundo anexo 1).

Detectouse un erro aritmético na baremación da persoa co ID nº 75 relativo á renda per cápita, que é de 7,5 punto (e non 10), polo que a súa puntuación total baixa 2,5 puntos en calquera dos idiomas eleixidos.

Rematado o prazo de presentación de alegacións as listaxes provisionais (de 10 días naturais), **presentáronse as dúas alegacións seguintes:**



- A representante da alumna co ID nº 75 solicita a revisión do seu expediente por ter solicitado coma orde de preferencia dos idiomas: 1º inglés, 2º francés, 3º alemán e 4º portugués, cando aparecía na listaxe provisional de portugués en 1ª opción.

Revisada a documentación da súa solicitude efectivamente hai un erro na orde das opcións do idiomas. En consecuencia, procedese a súa baremación na preferencia en inglés (por ser a súa 1ª opción).

- A representante da alumna co ID nº 62 solicita a revisión do seu expediente para que se inclúa á aboa da alumna con incapacidade total no núcleo familiar.

Revisada a ficha de inscrición presentada, indicou unicamente dúas persoas na unidade familiar. Comprobado o padrón municipal, a dita avoa non consta no domicilio da unidade familiar. Ademais, consonte á cláusula 34ª das bases (*"con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes non se admitirá a alegación de documentación baremábel, sen prexuízo dos posíbeis requirimentos de aclaración que poida efectuar o SME ou a comisión de valoración"*) non procede baremar a discapacidade dun familiar nin calcular de novo a renda per cápita familiar.

Ademais, presentáronse as **renuncias** seguintes:

- ID nº 33, seleccionado de nº 11 na listaxe provisional de francés.
- ID nº 10, seleccionado de nº 14 na listaxe provisional de francés.

Unha vez revisada a documentación presentada e tras as oportunas deliberacións, **ACÓRDASE o seguinte:**

PRIMEIRO: Aprobar a corrección do erro aritmético detectado na baremación da candidata con ID nº 75, na valoración da renda per cápita que é de 7,5 punto (e non 10), polo que a súa puntuación total baixa 2,5 puntos en calquera dos idiomas elixidos.

SEGUNDO: Aceptar a alegación presentada pola candidata co ID nº 75 e proceder á rectificación da baremación en inglés (por ser a súa 1ª opción) cunha puntuación total de 16,5 puntos, polo que pasa a incorporarse de nº 7 na listaxe definitiva de persoas seleccionadas en inglés; e non se inclúe na listaxe de portugués.

TERCEIRO: Desestimar a alegación presentada pola candidata co ID nº 62, xa que a aboa con incapacidade total non consta no domicilio da unidade familiar no padrón municipal, nin foi incluída na ficha de inscrición coma un membro máis da dita unidade familiar.

CUARTO: Aceptar a renuncia da persoa solicitante co ID nº 45, que presentou a súa renuncia antes da primeira reunión da comisión de valoración; e das persoas solicitantes ID nº 33 e 10 seleccionadas de nº 11 e 14, respectivamente, na listaxe provisional de francés.



QUINTO: Elaborar e aprobar a relación definitiva de persoas excluídas (composta por 7 rexistros) co motivo da exclusión e as relacións definitivas por idiomas das persoas admitidas, en listaxe de agarda e excluídas, coa baremación desagregada, segundo os criterios sinalados nas cláusulas da 38ª á 43ª. (achéganse os documentos adxuntos).

SEXTO: Acordar que a proposta de resolución definitiva que recolla, as alegacións presentadas e inclúa as seguintes relacións definitivas, unha para cada idioma:

a. Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), sinalando ás/aos que se lle concedese bolsa total e a contía do custe da praza que lles corresponda aboar ás/aos restantes seleccionadas/os.

b. Alumnado que, cumprindo os requisitos, non acade o número de orde que lle permita participar no programa por exceder do número de prazas correspondentes a cada idioma, que constituirán as listaxes de agarda. As/os solicitantes seleccionadas/os nalgunha das listas non figurarán, se é o caso, nas listaxes de agarda das outras. As/os non seleccionadas/os poderán figurar en máis dunha.

c. Alumnado que non cumpre os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

Unha vez publicada a resolución definitiva, as/os seleccionadas/os disporán dun prazo de 5 días naturais para a súa aceptación ou renuncia, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais. De se presentar a comunicación nalgún rexistro non municipal remitirase copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.es).

SEPTIMO: Propor que se faculte ao Servizo Municipal de Educación para ofertar as 7 prazas vacantes (1 de alemán e 6 de portugués) entre ás persoas solicitantes de outros idiomas que non foran asignadas, sempre que cumplan os requisitos para ese idioma, unha vez rematado o prazo de aceptación ou renuncia das persoas seleccionadas, segundo o establecido na cláusula 42ª das bases.

A comisión de valoración do programa “Idiomas no mundo 2018”

A Coruña, 5 de xuño de 2018